

DOMINGO 3 DO ADVENTO (B)

PRIMEIRA Is 61, 1-2a. 10-11

Alegrareime con grande gozo no Señor

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

O Espírito do Señor, Deus, está sobre min, porque o Señor me unxiu. Mándame anuncia-la boa nova ós pobres, cura-los de corazón destrozado, proclamarlles ós cativos a liberdade e ós presos que abran os ollos, para proclamar un ano de gracia do Señor. Exultarei ledicioso polo Señor, e a miña alma brincará de xúbilo polo meu Deus, xa que me fixo vestir roupas da salvación e envolveume co manto da xustiza, coma o noivo que veste solemnemente o turbante, e coma a noiva que se adorna coas súas xoias. Pois, como a terra fai saí-los seus gromos, e como un horto fai brota-las súas sementeiras, así o Señor Iavé fará brota-la xustiza, e a louvanza ante tódolos pobos.

SALMO RESP. Lc 1, 46-48. 49-50. 53-54

R/ (Is 61, 10b): A miña alma exultará no Señor, meu Deus

Entón María exclamou:

A miña alma proclama a grandeza do Señor,

e alégrase o meu espírito en Deus, o meu Salvador,
porque reparou na súa humilde escraviña.

Velaí: desde agora

tódalas xeracións me van felicitar.

¡Marabillas o Poderoso fixo en min!

O seu nome é Santo;

a súa misericordia chega xeración tras xeración
a tódolos que o temen.

ós famentos éncheos de bens,

e ós ricos despídeos baleiros.

Ampara a Israel, o seu Servidor,
lembrándose da súa misericordia,

SEGUNDA 1 Tes 5, 16-24

Gardade a vosa vida, o voso espírito, o voso corpo para a chegada do Señor

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO ÓS TESALONICENSES

Irmáns e irmás: Estade sempre alegres. Orade constantemente. Dade gracias en tódalas ocasións: que isto é o que Deus quere de vós coma cristiáns. Non apaguéde-lo Espírito; non desprecéde-las palabras inspiradas. Exami-nádeo todo e agarrádevos ó que é bo. Arre-dade de toda especie de mal.

Que o Deus da paz vos santifique totalmente: que todo o voso ser -espírito, alma e corpo- se conserve indemne na Parusía do noso Señor Xesús Cristo. Pois o que vos chama é fiel, e hao facer.

ALELUIA Is 61, 1 (Cit. en Lc 4, 18):

O Espírito do Señor está sobre min: mandoume a evanxelizear ós pobres

EVANXEO Xn 1, 6-8. 19-28

No medio de vós está aquel a quen non coñecedes

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Houbo un home mandado por Deus: o seu nome era Xoán. Este veu de testemuña para dar testemuño da luz, para que todos cresen por el.

Non era el a luz, senón que veu para dar testemuño da luz. E este é o testemuño de Xoán cando os xudeus lle mandaron de Xerusalén sacerdotes e levitas onda el, para lle preguntar: -¿Ti quen es? El declarou e non negou. Declarou: -Eu non son o Cristo. Preguntáronlle: -Entón ¿quen es ti? ¿Es Elías? Contestou: -Non son. -¿E-lo profeta? Respondeu: -Non.

Daquela dixéronlle: -¿E, logo, quen es? Para que lles poidamos dar unha resposta ós que nos mandaron. ¿Que dis de ti mesmo? El dicía: -Eu son a voz do que clama no deserto, "endereidade o camiño do Señor" (como escribira o profeta Isaías).

Algúns dos mandados eran fariseos e preguntáronlle: -Entón ¿por que bautizas, se non es ti o Cristo nin Elías nin o profeta? Xoán respondeulles: -Eu bautizo con auga; mais entre vós está quen vós non coñecedes; o que vén detrás miña e eu non son merecente de lle desata-lo amalló da sandalia.

Todo isto pasou en Betania, pola outra banda do Xordán, onde estaba Xoán bautizando.